

CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2022

Tempo de verán e aprender

Campacoles

É tempo de diversión,
é tempo de conciliar.

**Aberta a preinscrición
do 23 ao 25 de maio.**

**Máis información en
www.coruna.gal/campamentos2022**



CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2022

INFORMACIÓN CAMPACOLES

A Federación Provincial de ANPAS, conxuntamente coa Concellería de Educación, organiza un ano máis os Campacoles. Este verán terán como temática a natureza e os catro elementos: terra, auga, lume e aire. As actividades que se programan abranguen diferentes áreas de contidos, polo que terán un carácter multidisciplinar, permitindo así realizar actividades moi variadas, dende propostas de animación á lectura, xogos de enxeño, actividade motriz, musicais, teatrais... Esperámosvos un ano máis!

PERSOAS DESTINATARIAS

Escolares de Ed. Infantil e Ed. Primaria que estiveran matriculados nun CEIP do Concello da Coruña no actual curso 2021/22.

*Poderán participar menores con diversidade funcional.

CALENDARIO

Preinscrición: 23, 24 e 25 de maio na web.
www.fedapascoruna.org/inscripciones.

Listaxe de admitidos: 1 de xuño. (Publicarase na web municipal, no 010 e na web www.fedapascoruna.org).

Inscrición e abono: 8, 9 e 10 de xuño.

Xestión da listaxe de agarda: do 16 ao 21 de xuño.

QUENDAS

1ª QUENDA 1: do 27 de xuño ao 1 de xullo de 2022.

2ª QUENDA 2: do 4 ao 8 de xullo de 2022.

3ª QUENDA 3: do 11 ao 15 de xullo de 2022.

4ª QUENDA 4: do 18 ao 22 de xullo de 2022.

5ª QUENDA 5: do 26 ao 29 de xullo de 2022.

HORARIOS

Xeral: de luns a venres de 10:00 a 14:00 h. O último día de cada quenda todos os participantes farán unha saída na contorna da cidade ou á mancomunidade, cunha ampliación de horario ata as 15:30 h.

Madrugadores: de luns a venres de 8:30 h. a 10:00 h.

Servizo de comedor: de 14:00 ata as 15:30h.
(podendo saír desde ás 15:00 h.)

*Os días festivos non haberá campamento.

ESPAZOS DE REALIZACIÓN

CEIP Alborada.

CEIP Anxo da Garda.

CEIP Curros Enríquez.

CEIP Juan Fernández Latorre.

CEIP María Barbeito.

CEIP San Pedro de Visma.

CEIP Wenceslao Fernández Flórez.

Nº PRAZAS

1.575 prazas. 45 prazas por sede e quenda.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

A adxudicación de prazas farase por rigurosa orde de inscrición, tendo preferencia dentro dese criterio xeral:

1º. O primeiro día de inscrición, os escolares matriculados no centro sede no que solicitan a/s quenda/s.

2º. O segundo e demais días de inscrición, os usuarios de calquera das actividades extraescolares da FANPA no curso 2021/22, con independencia do CEIP no que estean matriculados.

A continuación o resto de solicitantes da actividade.

No caso de que un participante inscrito non asista ningún día dunha quenda e non xustifique as faltas, darase por renunciada a súa participación no resto das quendas solicitadas, quedando a súa praza a disposición do seguinte solicitante da listaxe de agarda.

COTAS DE INSCRIPCIÓN E SERVIZOS

CAMPACOLE: 20€ (*)

MADRUGADORES SEN ALMORZO: 10€.

MADRUGADORES CON ALMORZO: 17€.

COMEDOR: 25€.

SEGURO DE ACCIDENTES 4€ ()**

*Estarán exentos da cota de campacole (de 10:00 a 14:00h.) os escolares que cumpran os requisitos de participación e fosen beneficiarios de beca comedor neste curso 2021/22.

**Estarán exentos do pago do seguro de accidentes aqueles solicitantes matriculados en calquera programa ofertado pola Federación de ANPAS no curso 2021/22 (“Cóxegas”, “Deporte no Centro”, “Arte e Cultura no Centro”, “English Lab” ou “On Parle”). A cota correspondente aboarase mediante transferencia á conta da Federación Provincial de Anpas : ES37 2100 6359 5802 0006 1816 O comprobante da transferencia, indicando no “concepto” o nome do participante, a quenda e servizos admitidos, enviárase ó correo electrónico campacoles@fedapascoruna.org.

No caso de non realizarse o pagamento nos prazos establecidos a praza quedará vacante, sendo chamadas por orde as persoas solicitantes da listaxe de agarda para cubrila.

INFORMACIÓN RELATIVA Á SITUACIÓN DA COVID-19

En relación á celebración de actividades de lecer educativo xuvenil, o Concello da Coruña seguirá en todo momento as directrices marcadas polo Ministerio de Sanidade e Benestar Social e OUTRAS autoridades competentes en materia sanitaria en función da evolución xeral eterritorial da Covid-19. Para este fin poderá implementar estratexias e protocolos de actuación, así como condicións específicas de participación, nas devanditas actividades de lecer xuvenil. En todo caso, non é obrigatorio o uso de mascarilla, pero si recomendable en interiores.

ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN, OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento dunha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

+ INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN EN:

WWW.FEDAPASCORUNA.ORG

OU NA WEB: CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2022

E NOS TFNOS: 981 202 002 / 649 055 939 / 698 158 503